

- **Presentación de documentación base 19.1 da Orde do 31 de xaneiro de 2024 (ED001A)**

**A publicación no Diario Oficial de Galicia da relación de persoal aprobado será o día 23 de agosto de 2024 de xeito que o prazo para a presentación de documentación comezará o día 24 de agosto de 2024 e finalizará o día 20 de setembro de 2024)**

De conformidade coa base 19.1 da Orde do 31 de xaneiro de 2024 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación e ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de mestres e ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, e procedemento de adquisición de novas especialidades por parte do persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A), (DOG nº32, do 14 de febreiro) **no prazo de vinte (20) días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que se fagan públicas as listas de persoas aprobadas no Diario Oficial de Galicia**, o persoal aspirante aprobado deberá presentar por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos os seguintes documentos:

A) **Certificado médico** acreditativo de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado ou afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio da docencia (aceptarase tamén un **informe médico**)

A persoa aspirante que fixese valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá, se non o fixo anteriormente, presentar certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social que acredite tal condición, e tamén terá que presentar certificado dos citados órganos ou da Administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

B) **Declaración responsable** de que non foi separada mediante expediente disciplinario do servizo do corpo a que se pretende ingresar en ningunha Administración pública e de non estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas, conforme o modelo que figura como anexo XII a esta convocatoria, e que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no procedemento normalizado ED001A como anexo asociado á fase posterior á presentación.

**O anexo debe cubrirse completo (MARCAR AS CASILLAS QUE CORRESPONDA E ASINARSE)**

Igualmente, o persoal aspirante que non posúa a nacionalidade española deberá presentar declaración responsable de non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública, segundo o mesmo modelo do anexo XII, que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no procedemento normalizado ED001A como anexo asociado á fase posterior á presentación.

**O anexo debe cubrirse completo (MARCAR OS RECADROS QUE CORRESPONDA E ASINARSE)**

**C) Certificado de non ter antecedentes por delitos sexuais. Só debe presentar este documento no caso de que se opuxera na súa solicitude de participación á consulta de datos do Rexistro Central de Delincentes Sexuais.**

- O persoal que xa teña a condición de persoal funcionario de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia e estea en situación de servizo activo estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento. Só para o caso de que **non sexa persoal funcionario funcionario de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia** deberá presentar, en tal caso, unha certificación ou folla de servizos do organismo de que dependan, na cal se consignen de forma expresa os seguintes datos: corpo a que pertencen, número de rexistro persoal e se están en servizo activo.

➤ **Para presentar a documentación deberá seguir os pasos descritos a continuación:**

1º [Acceda á sede electrónica da Xunta de Galicia nesta ligazón.](#)

-Prema no botón en cor laranxa “Tramitar en liña”

-Abrirase unha pantalla informativa sobre a necesidade de dispor de Chave 365 ou certificado electrónico para acceder. Prema no botón “Aceptar”.

-Introduza o seu NIF e o seu contrasinal de Chave 365 ou identifíquese co seu certificado dixital.

2º Localice o expediente correspondente a súa solicitude de participación no procedemento selectivo (ED001A) e prema no botón **Acción: Alegacións.**

3º Cubra todos os campos do formulario e os indicados a continuación do seguinte xeito:

a) No campo EXPÓN: Sinalar ASUNTO: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DE ACORDO COA BASE 19.1 DA ORDE DE 31 DE XANEIRO DE 2024

b) Unha vez cubertos todos os campos da folla de solicitude deberá premer no botón “Continuar”. No caso de que lle faltase por cubrir algún campo a aplicación web avisaralle para que o cubra antes de continuar.

c) Neste paso deberá anexar a documentación citada anteriormente de conformidade coa base 19.1 da Orde de 31 de xaneiro de 2024.

A aplicación solicitaralle primeiro que indique un nome descritivo do arquivo que vaia a subir e a continuación deixaralle examinar o seu directorio para acceder e subir a documentación. Pode subir toda a



documentación xunta nun arquivo só ou pode subir un arquivo por cada documento. A aplicación web tamén lle amosará os formatos válidos para subir.

Unha vez anexada a dita documentación, prema no botón “Continuar”

d) A seguir deberá asinar a solicitude e presentala no rexistro electrónico para o que se lle enviará o seu teléfono móbil un pin no caso de empregar Chave365 ou introducirá a súa contrasinal no caso de empregar certificado dixital. Unha vez asinada, a sede electrónica informarlle que estará correctamente presentada a súa solicitude e poderá obter o recibo xustificativo coa data e hora de presentación e o número de rexistro. **Lembre descargar o xustificante de presentación.**

**O persoal aprobado, ademais de presentar a documentación relacionada anteriormente, deberá entregar a documentación correspondente á toma de posesión do destino provisional adxudicado no concurso de adxudicación de destinos provisionais segundo as instrucións que se publicarán no portal educativo en relación co concurso de adxudicación de destinos provisionais.**